

Futuro

Todo o que ten que pasar, pasa. Aquela frase que dicían meus pais soaba agora real e cada vez máis cerca de ser totalmente verdade. Cheguei á sala e o que alí vin quedará gardado sempre na miña memoria xunto co sentimento de impotencia que rompía con forza no meu peito ao igual que o fan as olas nos acantilados, deformando máis e máis a súa superficie áspera e rochosa ata cambiala completamente unha e outra vez. A situación na que me encontraba fixo comigo exactamente o mesmo, e nunca volví ser eu. Por iso dinme conta de que: *todo o que ten que pasar, pasa.*

Era maio e o mal tempo e as choivas frías xa comezaban a mudar en tardes cálidas, aromas florais e paxaros cantando por tódalas esquinas. Os días crecían e tamén as temperaturas, que xa permitían ir a clase sen o plumífero que se facía imprescindible en gran parte do ano. Eu, por aquel tempo, todavía ía ao instituto todas as mañás e ría cos meus amigos todas as tardes, disfrutando e sufrindo a partes iguais, pero, sobre todo, facíao sen saber o que me deparaba o futuro. Estabamos xa preparados para á selectividade, ou eso críamos, mais os profesores parecían crer o contrario coas súas desmotivadoras charlas que comezaran a ser o tema máis recorrente xa dende o último ano da eso.

Os días ían pasando con velocidade de vértigo e cada vez a data deste exame innomeable víase con máis claridade no calendario. Sendo sincera tiña medo, moito medo, mais isto non era algo novo para mín que levaba dende primaria preocupandome máis do que debía polas calificacións numéricas que nos daban nun papel despois de pasar todo un ano de subidas e baixadas e que tiñan só en conta uns escasos minutos do curso nos que nos víamos obrigados a redatar, sen cambiar un só punto, todo o que contiñan os libros. O que veñen sendo as notas, para abreviar. Aínda así, era o que tocaba e fixen o exame ao igual que todos os meus compañeiros que intentaban entrar na universidade e cursar a súa carreira soñada. O caso é que a pesar de ter dedicado máis horas a estudar para isto que para respirar, eu non sabía o que quería facer e, por tanto, tampouco a nota que necesitaba sacar. Isto era o único que conseguía calmar os monstros que vivían no meu interior e que sempre tiñan ansías de máis e nunca estaban satisfeitos. A nota que saquei non vola vou dicir por isto, xa que a pesar de ser unha das máis altas, os meus monstros non estaban orgullosos de min. O que si vos direi é que a sala da que falei ao principio, non é máis ca unha aula, a impotencia foi producida polo estrés de saber que aínda que a nota era boa non tiña finalidade ningunha, e o que alí vin non foi máis ca un número. Se agora, sabendo parte do contexto, pensades que o alí dito é esaxerado, podedes parar de ler aquí ou volvelo ler todo porque non entendestes nada. Se ao volvelo ler seguides a pensar o mesmo quere dicir que vós nunca tivechedes ese medo ao incerto, que aparece de repente coma un virus cando vas chegando a unha idade e que se pega a ti todo o tempo sen deixarte case nin respirar. Seguindo co que vos contaba, aquela elevada nota non foi o que eu esperaba. Dedicara a ela todos os meus esforzos e eu seguía sen saber quen era eu e quen quería chegar ser. Por isto cambiou tanto o meu pensamento. Xa non había algo ao que dedicar todo o meu tempo para non ter que pensar nas afogantes decisións acerca do futuro, había que tomalas, arriscarse, xogarse a estar no certo ou fallar da peor maneira e ter que empezar de novo, pero había que facer algo, había que vivir. Vivir e punto, vivir sin

medo. Vivir sen pensar constantemente que pasaría o día de mañá cambiando algo na miña rutina de hoxe, só tiña que cambialo se quería ou simplemente non facelo. Parece fácil chegar a pensar así, non si? Pois para outros igual o foi ou o será, mais, para min, non foi así e tiven que esperar anos para conseguilo. Porque a min o que me tiña que pasar era descubrir isto naquel momento. Porque como xa vos dixen varias veces e seguirei a dicir: *todo o que ten que pasar, pasa.*

Natalia Cobas Pavón